

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, TRAMITACIÓN ORDINARIA, DA OBRA DENOMINADA "CAMIÑO VENTORRILLO A COVAS (VIÑÓS) E OUTROS"

I. CLÁUSULAS XERAIS.

1. Natureza xurídica e réxime xurídico.

1.1.- O presente contrato ten natureza administrativa de conformidade co disposto no artigo 19.1.a) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público (en diante, TRLCSP); e cualifícase como contrato de obras ao abeiro do disposto no artigo 6 do TRLCSP.

1.2.- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral no artigo 19.2 da TRLCSP e para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexeráse por:

- o presente prego de cláusulas administrativas particulares
- o prego de prescricións técnicas
- o Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público
- o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se opoña ao TRTRLCSP
- o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público
- supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado
- asemade, ao contrato seralle de aplicación a normativa específica que resulte aplicable sobre a materia á que se refire o contrato

2. Obxecto do contrato.

2.1.- É obxecto deste contrato a realización da obra denominada "CAMIÑO VENTORRILLO A COVAS (VIÑÓS) E OUTROS", con suxeición ao Proxecto Técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 123 do Texto Refundido da Ley de Contratos del Sector Público (en diante TRLCSP), incluído o correspondente estudo de Seguridade e Saúde ou Estudio Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co previsto no artigo 4 do Real Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co previsto no artigo 4 do Real Decreto 105/2008.

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste Prego, tendo carácter contractual.

2.2.- CPV 2008: 45233223-8

2.3.- Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato: conservar e mellorar as infraestruturas rurais que contribúan a xerar cohesión social e territorial e mellorar as condicións de vida e traballo no medio rural, facilitando a accesibilidade e a vertebración do territorio e o aumento da competitividade agraria e forestal, xa que facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redonda nunha maior axilidade das operacións agrarias e nunha

redución de custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado.

2.4.- Variantes: non se admiten

3. Órgano de contratación.

A Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto de delegación de competencias de 8 de xullo de 2015, para contratacións de obras, de subministros, de servizos, de xestión de servizos públicos, así como os contratos administrativos especiais e os contratos privados, cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio; salvo cando se trate de contratos menores en materia de obras, servizos e subministro.

4. Orzamento de licitación, prezo do contrato, sistema de determinación do prezo e revisión.

4.1.- O orzamento de licitación é de **69.236,00 euros**, mais **14.539,56 euros** que corresponden ao 21 % de IVE, o que supón un total de **83.775,56 euros**.

O valor estimado do contrato é de **69.236,00 euros**.

4.2.- No prezo do contrato consideraranse incluídos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole, que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para a adjudicataria como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego.

4.3.- O sistema de determinación do prezo fixouse a tanto alzado, de conformidade co disposto no artigo 278 da LCSP.

4.4.- Revisión de prezos: de conformidade co disposto no artigo 89 do TRLCSP nesta contratación non procede a revisión de prezos.

5. Aplicación orzamentaria.

Para atender ás obrigas económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato, existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación 1532.61901

6. Prazo de execución.

6.1.- O prazo máximo de execución da obra será de seis (6) meses, contados a partir do día seguinte ao da sinatura do Acta de Comprobación do Replanteo.

6.2.- O prazo contractual non será susceptible de prórroga.

6.3.- A execución do contrato axustarase aos prazos parciais sinalados no proxecto, no seu caso, e en todo caso, aos sinalados no programa de traballo presentado polo/a adjudicatario/a e aprobado polo órgano de contratación.

7. Capacidade para contratar e clasificación do contratista.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalguna das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia

económica e financeira e técnica ou profesional.

Para ser adxudicatario do presente contrato non é preciso estar en posesión da clasificación empresarial, sen prexuízo de acreditar a correspondente solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, polos medios establecidos na cláusula 17.4 deste prego, no seu caso.

8. Unións temporais de empresas.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante da administración.

9. Garantías.

9.1.- Provisional: Non se esixe.

9.2.- Definitiva: O licitador que presente a oferta economicamente mais vantaxosa deberá prestar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

10. Anuncio e perfil de contratante.

10.1.- O procedemento a que se refire o presente prego anunciarase no perfil de contratante.

10.2.- Perfil do contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente á licitación aberta a través de internet na seguinte páxina web: **www.concellodearzu.org**

II. ADXUDICACIÓN.

11. Procedemento de adxudicación e tramitación.

A adxudicación realizarase a través do sistema de procedemento negociado sen publicidade, ao abeiro do previsto nos artigos 169, 174 e), 176 e 178 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

A tramitación do procedemento será ordinaria.

12. Presentación de proposicións.

12.1.- Lugar e prazo de presentación.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do Concello, dentro do prazo de oito días naturais, contados dende o día seguinte ao da recepción da invitación cursada para participar no proceso de contratación, en horas de nove a catorce e en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.3.

12.2.- Forma.

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán dous sobres: **SOBRE A** (documentación xeral) e **SOBRE B** (documentación técnica e económica), do seguinte xeito:

- Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a

documentación.

- Con indicación do nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.
- Debidamente pechados (poderán estar lacrados), de tal xeito que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.

As indicacións de **SOBRE A** e **SOBRE B**, respectivamente, deberán figurar na parte superior de cada un deles, e nos seus centros constará a lenda:

“Proposición para tomar parte na contratación da obra: (deberase indicar neste espazo a denominación do contrato)”.

Cando se utilice o sistema de envío por correo, a presentación de proposicións poderá realizarse a calquera hora do último día de prazo. Neste caso o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (será requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do Servizo Postal Universal) e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax (981 500 914) ou telegrama en calquera momento antes de expirar o día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo devandito órgano de contratación con posterioridade á data na que remata o prazo para presentar as solicitudes. Transcorridos os 10 días naturais seguintes á indicada data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Naqueles supostos nos que o último día para a presentación de proposicións coincida en domingo ou festivo, o prazo para a presentación de proposicións rematará o primeiro día hábil seguinte.

A presentación da proposición presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego, así como do prego de prescricións técnicas.

Toda a documentación presentarase en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

12.3.- Documentación.

- **Sobre A: Subtitulado “Documentación xeral”.**

No sobre A figurará a seguinte documentación:

- Declaración responsable nos termos do **Anexo I** deste prego, debidamente cuberta e asinada.
- No seu caso, autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación. Axustarase ao modelo establecido no **Anexo III**.
- No seu caso, autorización para cesión de información relativa a inexistencia de débedas pendentes co Concello de Arzúa. Axustarase ao modelo establecido no **Anexo V**.
- No caso de que a documentación se presente por varios empresarios que formen unha unión temporal, cada un deles deberá cubrir o **Anexo I**, incluíndo ademais unha declaración responsable subscrita por quen afirme representar a cada unha das empresas, na que figurarán:
 - a) o nome e circunstancias de cada un dos que a constitúen
 - b) a participación de cada un na unión a constituír
 - c) a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato
 - d) o representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo

- No seu caso, unha dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

- **Sobre B: Subtitulado "Documentación técnica e económica"**

No sobre B figurará a seguinte documentación:

A) Documentación técnica

A.1) Programa detallado de traballo:

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades a realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso, coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflicta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o presuposto mensual por contrata a prezos de proxecto (desglosado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do presuposto de licitación, suporá a non admisión da oferta.

c) Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: Describírase a forma en que se documentará fotograficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. Dita documentación entregárase á Administración na data do Acta de Recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

A.2) Programa detallado de actuación medioambiental:

Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:

- reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais
- rexeneración de espazos
- indicación de vertedoiros autorizados onde se van trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derrubes.
- compromiso de aportar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no artigo 4.c do Real Decreto 105/2008.

A.3) Plan de control de calidade

A.3.a) Plan de control interno de calidade:

A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia a desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos a:

- control de calidade nos materiais a empregar
- control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra
- control de calidade nas probas finais de instalacións
- calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno

incluír dentro do control de calidade;

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Aos efectos previstos no apartado anterior o licitador indicará para cada un dos aspectos do control de calidade si levará a cabo o control de calidade con persoal propio ou con empresas externas especializadas en control de calidade.

A.3.b) Porcentaxe de control de calidade interno:

O licitador indicará o porcentaxe sobre o presuposto de execución material que va a destinar a este control interno.

O contratista deberá especificar o sistema de controles e ensaios que a empresa se compromete a realizar na obra, en consonancia co programa de control ofertado.

A Dirección de Obra poderá solicitar en calquera momento todos os informes, cálculos, derivados deste programa de control interno de calidade.

Este programa terá carácter contractual para o adxudicatario e seu incumprimento considerárase incumprimento de obriga esencial aos efectos previstos no artigo 223 f) do TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

A.4) Aqueles outros documentos que se esixan nas prescricións técnicas (no seu caso); e aqueles que sexan necesarios e/ou importantes para a valoración das proposicións de conformidade co establecido cos criterios de negociación e adxudicación establecidos na cláusula 14.1.

B) Documentación económica.

Incluirase a proposición económica, que se axustará ao modelo establecido que se achega como **Anexo II** deste prego.

Serán inadmisibles as ofertas de maior contía que a que figura na cláusula 4.1. deste prego.

Serán inadmisibles, asemade, as ofertas nas que exista contradición entre a cantidade expresada en número e letra.

13. Documentos: orixinais e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións e os que sexan solicitados aos licitadores haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

14. Criterios de adxudicación.

14.1.- Serán criterios obxecto de adxudicación os seguintes:

Nº	CRITERIOS DE VALORACIÓN E ASPECTOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN	VALORACIÓN
1.	Oferta económica	Ata 50 puntos
	Á oferta económica que conteña o prezo mais baixo outorgaráselle 50 puntos. O resto das ofertas valoraranse proporcionalmente.	
2.	Melloras ofertadas sen custo adicional	Ata 25 puntos

	<p>Solo se admitirán as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - melloras no paquete de firme - melloras no acabado de gabias con posibles zonas revestidas - melloras en sinalización vertical ou horizontal <p>A valoración das melloras realizarase partindo da valoración económica que das mesmas dean os ofertantes, en base aos prezos de proxecto, supervisadas polos técnicos municipais, podendo ser corrixidas por estes, no seu caso.</p> <p>Corresponderá a máxima puntuación (25 puntos) ao maior valor económico das melloras ofertadas, distribuíndose a puntuación das restantes de forma proporcional.</p>				
3.	Control interno de calidade	Ata 10 puntos			
	<p>Plan de control interno de calidade.....ata 5 puntos</p> <table border="1" style="width: 100%;"> <tr> <td>Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra</td> </tr> <tr> <td>Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra</td> </tr> <tr> <td>Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente</td> </tr> </table> <p>Porcentaxe de control interno de calidade.....ata 5 puntos</p> <p>Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten o maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente</p>	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra					
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra					
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente					
4.	Programa de traballo	Ata 10 puntos			
	<table border="1" style="width: 100%;"> <tr> <td>Ofertas que presenten un programa de traballo de específico e adaptado á obra</td> </tr> <tr> <td>Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado á obra</td> </tr> <tr> <td>Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente</td> </tr> </table>	Ofertas que presenten un programa de traballo de específico e adaptado á obra	Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado á obra	Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	
Ofertas que presenten un programa de traballo de específico e adaptado á obra					
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado á obra					
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente					
5.	Programa de actuación medioambiental	Ata 5 puntos			
	<table border="1" style="width: 100%;"> <tr> <td>Ofertas que presenten un programa de actuación medioambiental específico e adaptado á obra</td> </tr> <tr> <td>Ofertas que presenten un programa de actuación medioambiental xenérico e parcialmente adaptado á obra</td> </tr> <tr> <td>Ofertas que presenten un programa de actuación medioambiental insuficiente</td> </tr> </table>	Ofertas que presenten un programa de actuación medioambiental específico e adaptado á obra	Ofertas que presenten un programa de actuación medioambiental xenérico e parcialmente adaptado á obra	Ofertas que presenten un programa de actuación medioambiental insuficiente	
Ofertas que presenten un programa de actuación medioambiental específico e adaptado á obra					
Ofertas que presenten un programa de actuación medioambiental xenérico e parcialmente adaptado á obra					
Ofertas que presenten un programa de actuación medioambiental insuficiente					
6.	TOTAL	100 puntos			

14.2.- Criterios de desempate:

De acordo co establecido na Disposición Adicional Cuarta do TRLCSP, cando unha ou varias

proposicións igualem, nos seus termos, á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación, terán preferencia na adxudicación do contrato as proposicións presentadas por aquelas empresas que acrediten ter na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.

Si aínda así persistira o empate, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada nos parágrafos anteriores, deberán aportar ao tempo de presentar a súa proposición, a seguinte documentación:

1. Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.
2. Relación de traballadores fixos discapacitados, acompañada da resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade.
3. Contrato de traballo dos traballadores fixos discapacitados.

15. Mesa de contratación e procedemento de negociación.

15.1.- De conformidade co disposto no artigo 320 do TRLCSP, para este procedemento negociado sen publicidade constituirase mesa de contratación.

A Mesa de Contratación estará composta por:

Presidente: o Alcalde José Luis García López

Vocais: a interventora Olga Castro Fernández
o secretario Juan Colmenares Lopez-Soldado
a concelleira de facenda, M^a del Carmen Torreiro González

Secretaria: a funcionaria Marta Pérez Iglesias

Asemade, dita Mesa de Contratación será o órgano encargado da negociación.

15.2.- Os criterios de negociación do contrato son os seguintes:

- oferta económica
- melloras ofertadas sen custe adicional

15.3.- O procedemento de negociación articularase nas seguintes fases:

1^a.- fase:

A Mesa de contratación procederá á apertura das proposicións ás 10:00 horas do terceiro día hábil contado dende o seguinte ao da finalización da presentación de ofertas.

En primeiro lugar, examinará si a documentación presentada polos licitadores cumpre os requisitos de tempo e forma, rexeitando aquela que incumprise estes requisitos.

De seguido, abrirá o Sobre A para valorar o cumprimento dos requisitos e condicións esixidas polo TRLCSP para poder resultar adxudicatario do contrato. Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador os subsane. De non presentar a documentación requirida dentro do prazo establecido o licitador quedará

automaticamente excluído.

As proposicións que cumpran os requisitos esixidos para o Sobre A serán avaliadas tendo en conta os criterios de valoración establecidos na cláusula 14.1. Para dita avaliación a mesa poderá solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes, así como solicitar o apoio dos técnicos asesores que considere necesarios, que informarán á mesma sobre as cuestións sobre as que fosen requiridos.

No informe inicial de valoración aplicaranse ás proposicións técnicas e económicas presentadas os criterios de valoración establecidos no prego.

2ª fase:

Non se invitará a negociar ás licitadoras que segundo o informe inicial de valoración formularan proposicións que incumpran as prescricións do prego de prescricións técnicas, ou o prego de cláusulas administrativas respecto do contido do sobre B. Ditas proposicións serán excluídas do procedemento.

A fase de negociación terá por obxecto lograr a mellora das proposicións, tendo en conta os criterios de negociación establecidos no prego na cláusula 15.2, e desenvolverase da seguinte maneira:

- O órgano negociador invitará por escrito a negociar aos licitadores indicando os criterios de negociación recollidos no presente prego, poñendo no seu coñecemento o informe inicial de valoración antes citado. Nesta comunicación non se identificará aos empresarios que presentaran o resto das proposicións.

- Os licitadores poderán entón presentar nun prazo de tres días hábiles a súa contestación, por escrito en sobre cerrado dirixido ao órgano encargado de la negociación. A contestación do licitador poderá reformular ou mellorar os termos da súa oferta inicial ou indicar que se mantén nos termos orixinais. As novas ofertas deberán sempre concretar a mellora que se ofrece, polo que no se admitirá o ofrecemento xeral de igualar os termos da oferta mais vantaxosa doutro licitador no criterio ou criterios considerados.

No procedemento darase un trato igual a todos os licitadores e non se facilitará información que poda dar vantaxes a determinados licitadores con respecto ao resto, nin se poderán revelar aos demais licitadores as solucións propostas por algún deles.

En calquera momento desta fase, o órgano de negociación poderá requirir aos licitadores para aclarar aspectos determinados da súa oferta, pero sen que podan modificar nesas aclaracións os elementos substanciais da mesma.

En todo caso aplicaranse a esta fase os principios de formalización documental, igualdade, non discriminación e transparencia.

3ª fase:

O órgano encargado da negociación dará por concluída a fase de negociación e valorará de novo as proposicións dos licitadores, a cuxo efecto poderá solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes. Asemade, poderá solicitar o apoio dos técnicos asesores que considere necesarios, que informarán á mesma sobre as cuestións sobre as que fosen requiridos.

A mesa de Contratación, seguidamente, clasificará as proposicións presentadas por orde decrecente, atendendo aos criterios de valoración sinalados na cláusula 13.1; e propondrá ao órgano de contratación adxudicar o contrato ao licitador que presentara a oferta que resulte

economicamente máis vantaxosa.

16. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

16.1.- No presente procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, empregarase como valor para apreciar que as ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, a suma do importe ofertado nos apartados c) melloras técnicas na prestación do servizo, e d) oferta económica, relativos aos criterios avaliados de forma automática mediante aplicación de fórmulas, como si de un solo valor se tratara, tendo en conta que ambos son puntuables en base á súa valoración económica.

16.2.- En base ao establecido no parágrafo anterior, consideraranse, en principio, como desproporcionadas ou anormais as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1.

Considerarase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, se a súa baixa porcentual, en conxunto, é superior ao 16,67%, respecto do orzamento de licitación.

-Número de ofertas: 2.

Considerarase que unha das ofertas non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, se é inferior a outra en máis dun 13,33%.

- Número de ofertas: 3.

Considéranse ofertas que non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas que non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores ao 16,67.

- Número de ofertas: 4 ou máis.

Considéranse ofertas que non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Porén, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

16.3.- Cando a mesa de contratación entenda que algunha das proposicións podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto ao efecto no artigo 152.3 do TRLCSP, e á vista do seu resultado propondrá ao órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da oferta de que se trate.

17. Clasificación de ofertas e requirimento de documentación.

O órgano de contratación, á vista da proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación, clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais, e posteriormente, requirirá ao licitador que tivese presentado a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

1.- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de personalidade xurídica do empresario:

- a) Empresario individual: fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa.
- b) Persoas xurídicas: será obrigatoria a presentación de copia auténtica ou compulsada do Código de Identificación Fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- c) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo: a capacidade de obrar acreditarase pola súa inscrición nos rexistros procedentes de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, que se indican no Anexo I do RXLCAP. Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.
- d) Empresas non comunitarias: deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 do TRLCSP en forma substancialmente análoga.

2.- Documentación que acredite a representación de quen asina a proposición en nome de outro:

- a) DNI do asinante ou documento que regulamentariamente o substitúa.
- b) Si o representado fose unha persoa física, escritura de poder notarial outorgada.
- c) Si o representado fose unha persoa xurídica, escritura de constitución, ou de modificación de acordos sociais, inscritas no Rexistro Público correspondente, nas que figuren os particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduz a devandita representación. Se esta non resultase unicamente deles, presentárase, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no rexistro Mercantil, ou no seu caso, no rexistro público que corresponda.
- d) Dilixencia de bastanteo de poderes expedida polo Secretario da Corporación ou funcionario habilitado do Concello, que valore como suficiente a documentación anterior para que o asinante poda actuar en representación do licitador.

Xunto coa dilixencia de bastanteo deberá de presentarse o recibo acreditativo do pago da taxa correspondente.

3.- Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP. Dita declaración comprenderá a circunstancia de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (**Anexo IV**).

Exención de presentar a documentación relacionada nos apartados 1, 2 e 3 desta cláusula sempre que o licitador se atope inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, tendo en conta o seguinte:

- **O adxudicatario presentará a correspondente certificación onde se recollan os**

puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

- **O adxudicatario que con carácter voluntario figure inscrito no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañará unha copia do informe relativo aos datos inscritos e en consecuencia quedará dispensado de presentar os documentos referidos, sempre que os citados informes estean vixentes (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 con data do 20 de marzo de 1998).**

En todo caso o licitador deberá presentar unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores, segundo o modelo que figura como Anexo IV ao presente prego. Si se tivese producido alteración dos datos rexistrados farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.

4.- Clasificación do contratista: Para ser adxudicatario do presente contrato non é preciso estar en posesión da clasificación empresarial.

5.- Documentación acreditativa das solvencias: De conformidade co disposto no artigo 11.5 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, neste contrato os licitadores estarán exentos dos requisitos de acreditación da solvencia económica e financeira e da técnica e profesional.

6.- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. O adxudicatario non terá que aportar estas certificacións en caso de ter presentado dentro do SOBRE A a autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación, debidamente cuberta. Neste último caso, esta documentación será obtida de forma directa polo órgano de contratación en base á devandita autorización. (A inexistencia de débedas pendentes co Concello de Arzúa será comprobada de oficio polo Departamento correspondente, para o cal deberá de cumprimentar o modelo de autorización que figura no **Anexo V**).

7.- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas: orixinal ou copia compulsada da alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente; ou orixinal ou copia compulsada do último recibo do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do mesmo; ou, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

8.- A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que fose procedente.

9.- Escritura pública de constitución da Unión Temporal de Empresas, debidamente inscrita no rexistro correspondente, cando o adxudicatario tivese tal condición.

10.- Certificado de inscrición no Rexistro de Empresas Acreditadas (REA) dependente da autoridade laboral onde estea ubicado o domicilio social da empresa.

11.- No seu caso, unha dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

De conformidade co disposto no artigo 151.2 parágrafo 3º do TRLCSP, de non

presentarse a documentación na forma e prazo establecidos, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recadar a mesma documentación ao seguinte licitador, pola orde na que tivesen quedado clasificadas as ofertas.

O licitador que non cumprimente o establecido neste apartado dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia poderá ser declarado en prohibición de contratar segundo o previsto no artigo 60.2.d) do TRLCSP.

En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recadar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adjudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adjudicatario do contrato.

18. Adjudicación.

O órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á data de recepción da documentación á que se refire a cláusula anterior.

A adjudicación do contrato acordarase en resolución motivada, notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante, debendo indicar na notificación e no perfil do contratante o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 do TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. No caso de que a notificación se efectúe por correo electrónico axustarase aos termos establecidos no artigo 151.4 do TRLCSP.

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

19. Formalización do contrato.

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes ao de recepción da notificación da adjudicación aos licitadores. Dito documento constitúe título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Como requisito previo á formalización do contrato, o adjudicatario deberá presentar no Departamento de Secretaría do Concello a documentación xustificativa da existencia e vixencia dun contrato de seguro de responsabilidade civil que cubra a produción de danos ou prexuízos de calquera índole (persoais ou materiais) que se deriven da execución da obra contratada, por un importe mínimo de 300.000 euros: deberá presentar orixinal ou copia compulsada da póliza e recibo de pago vixente, ou ben, certificación expedida pola entidade aseguradora na que queden acreditados os extremos aos que se refire este apartado (importe mínimo e duración).

Cando os licitadores concorresen en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá aportarse antes da formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíse.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, salvo nos supostos de tramitación de emerxencia.

Unha vez formalizado o contrato, comunicárase ao Rexistro Público de Contratos a que se refire o artigo 333 do TRLCSP.

20. Publicidade da formalización do contrato.

20.1.- A formalización dos contratos cuxa contía sexa igual ou superior ás cantidades indicadas no artigo 138.3 publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio da adxudicación.

20.2.- Cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 100.000 euros ou, no caso de contratos de xestión de servizos públicos, cando o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa igual ou superior ao dito importe, ou o seu prazo de duración exceda os cinco anos, deberase publicar, ademais, no «Boletín Oficial del Estado» ou nos respectivos diarios ou boletíns oficiais das comunidades autónomas ou das provincias, un anuncio en que se dea conta da dita formalización, nun prazo non superior a corenta e oito días contados desde a data desta.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

21. Execución das obras.

A execución das obras axustarase ao establecido no proxecto, conforme ás instrucións que en execución do mesmo dera ao contratista o Director das obras. Asemade deberán de axustarse ao establecido no prego de prescricións técnicas.

22. Comprobación do replanteo.

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 229 do TRLCSP.

Se o contratista non acude, sen causa xustificada, a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos previstos no artigo 237 do TRLCSP.

En todo canto non se opoña ao TRLCSP, estarase ao previsto nos artigos 139, 140 e 141 do RXLCAP, aprobado polo RD 1098/2001 de 12 de outubro.

23. Comezo das obras e apertura de centro de traballo.

A execución do contrato de obras comezará co acta de comprobación do replanteo.

O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras e sen reserva por parte do contratista, darase por aquela a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente no acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da sinatura da acta.

24. Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, e relación de subcontratistas e subministradores.

Antes do inicio das obras, nun prazo non superior a trinta días dende a formalización do contrato, o contratista presentará o Programa de Traballo, o Plan de Seguridade e Saúde, e a relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra a realizar.

O programa de traballo incluírá todos os extremos que se indican no artigo 144 do RXLCAP (na medida en que non se opoñan ao establecido no TRLCSP).

A acta de comprobación do replanteo e os prazos parciais que se fixen ao aprobar o programa de traballo, entenderanse como integrantes do contrato aos efectos da súa esixibilidade.

Atendendo á natureza da obra, o Presidente da Corporación, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

A aprobación do Plan de seguridade e saúde corresponderalle ao Presidente da Corporación previo informe do coordinador de Seguridade e Saúde.

25. Carteis e sinais.

Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinala o Concello. O cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante dito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorridos seis meses contados desde a recepción da obra, e en todo caso, antes da devolución da garantía, deberá proceder á retirada do cartel á súa costa.

Asemade, o contratista está obrigado a instalar á súa costa as sinais indicativas de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no Código da Circulación e normativa de Prevención de Riscos Laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

26. Fotografías.

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra unha reportaxe fotográfica das obras que se certifiquen.

En ambos casos deberá levar ao dorso a sinatura do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración o reportaxe fotográfico ou en vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderá utilizarse pola administración libremente e sen limitación temporal.

27. Desenvolvemento dos traballos.

27.1.- Medios materiais e persoais

O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de

conformidade coa instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, sempre e cando sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 117 do TRLCSP.

Asemade, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

27.2.- Recepción e recusación de materiais

O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinala, para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

27.3.- Obras defectuosas ou mal executadas

Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houbese, sen que sexa eximente nin lle dea dereito ningún a circunstancia de que os representantes da administración examinen durante a súa construción as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aquelas nas medicións e certificacións parciais.

27.4.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas

Se se advertisen vicios ou defectos na construción, ou se tiveran fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias; ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

27.5.- Responsabilidade por vicios ocultos

Se a obra se arruinase con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contado desde a recepción. Transcorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 236 do TRLCSP.

28. Ocupación de terreos.

O contratista non poderá ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

29. Dirección e inspección das obras.

A dirección e inspección das obras correspóndelle ao seu técnico-director (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos artigos 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro, de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no Libro de Ordes. Non obstante, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as ditas funcións aos técnicos da Corporación.

30. Obrigas do contratista.

30.1.- Obrigas laborais e sociais.

O contratista contará co persoal necesario para a execución do contrato. Dito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e obrigas inherentes á súa calidade de empregador respecto deles.

O contratista estará obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social, de seguridade e hixiene no traballo e de prevención de riscos laborais, sendo a administración contratante allea a ditas relacións laborais.

30.2.- Produción e xestión de residuos.

O contratista deberá cumprir as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

30.3.- Responsabilidade. Danos.

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Asemade, o contratista responderá civil e, se é o caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

30.4.- Gastos de transporte e almacenaxe.

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convidado e, se é o caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

30.5.- Custodia e conservación.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

30.6.- Control de calidade.

O Concello, a través da dirección, deberá contratar o servizo de control de calidade das obras executadas.

Este control deberá abarcar polo menos os seguintes aspectos:

- control de calidade dos materiais empregados
- control de calidade dos métodos de execución
- control de calidade das obras executadas

O informe resultante do control de calidade, asinado pola persoa responsable do control, deberá incluír necesariamente as conclusións respecto da adecuación da obra executada ao proxecto aprobado.

A dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o prego de prescricións técnicas particulares.

Este control é independente do control interno que realice o adxudicatario e cuxo estrito cumprimento esixirá a administración a través da dirección facultativa, tanto no que se refire ao programa de control, ensaios, como a cantidades destinadas a esta finalidade.

30.7.- Deber de sixilo.

O adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo respecto aos datos ou antecedentes que non sendo públicos ou notorios estean relacionados co obxecto do contrato ou dos que teña coñecemento con ocasión deste, segundo o disposto nos artigos 112.2 do RXLCAP e 140.2 do TRLCSP.

30.8.- Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dentro dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Cando o contratista por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades na contía prevista no artigo 212 do TRLCSP.

A administración terá a mesma facultade a que se refire o parágrafo anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Conforme ao artigo 99 do RXLCAP os importes destas penalidades faranse efectivos mediante a súa deducción nas certificacións de obras, ou, de ser o caso, da garantía, e sen que o pago das mesmas exclúa a indemnización de danos ou prexuízos aos que poida ter dereito a administración polos danos e perdas ocasionados pola demora do contratista.

30.8.- Risco e ventura.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista sen prexuízo do disposto no artigo 231 do TRLCSP para o suposto de forza maior.

31. Dereitos do contratista.

31.1.- Aboamento da obra executada.

31.1.a).- Medicións.

O técnico director realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características haxan de quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, a fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

31.1.b).- Relacións valoradas.

O técnico director tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

31.1.c).- Certificacións.

As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaranse polo técnico director nos dous días seguintes do período que corresponda, previa a audiencia ao contratista, para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poida reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

31.1.d).- Pagamentos.

Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas polo técnico director da obra e aprobadas polo órgano competente da Corporación.

Asemade, o contratista deberá presentar factura (por igual importe que o da certificación) que deberá de cumprir os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación, e ademais, os seguintes:

- presentarse ante o Rexistro Xeral do Concello ou ante o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas FACE da Administración Xeral do Estado (segundo corresponda conforme ao disposto no parágrafo seguinte) para a súa posterior remisión ao órgano ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma
- indicar o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública (Intervención); o órgano de contratación (Xunta de Goberno Local); e o destinatario da factura (Concello de Arzúa);

O adxudicatario deberá presentar as súas facturas ante o Rexistro Xeral do Concello ou Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas **FACE** da Administración Xeral do Estado, segundo sexan ou non expedidas por algunha das entidades obrigadas a facturar electrónicamente ás que se refire o artigo 4 da Lei 25/2013, do 17 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público (Sociedades Anónimas, Sociedades de Responsabilidade Limitada, as Unións Temporais de Empresas, Agrupacións de Interese Económico Europeas, Fondo de Pensións, Fondo de capital de risco, Fondos de inversións, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de utilización hipotecaria ou Fondo de garantía de inversións).

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, tamén poderán presentar as súas facturas en formato electrónico.

As facturas que sexan expedidas electrónicamente, e que polo tanto se presenten a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas FACE da Administración Xeral do Estado, deberán consignar os seguintes códigos DIR3:

Órgano xestor: LA0003229 Alcaldía

Unidade tramitadora: LA0003230 Intervención-Tesourería
Oficina contable: LA0003230 Intervención-Tesourería

A administración deberá aboar o importe das facturas dentro dos prazos establecidos no artigo 216 apartados 4, 5 e 6 do TRLCSP.

Terán o carácter de pagamento a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

31.2.- Aboamentos a conta por materiais acopiados.

a) O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais acopiados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
- Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioro ou desaparezan.
- Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.
- Que o contratista constitúa aval de acordo co disposto no artigo 232.2 do TRLCSP.

b) As partidas correspondentes a materiais acopiados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

c) Para efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, se é o caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do abono non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial, fixarase pola dirección da obra, non podendo sobrepasar o 50 por 100 do prezo da devandita unidade de obra.

Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

31.3.- Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

a) O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

- O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.
- No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata o remate da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se

- faga necesaria a utilización daqueles.
- O cálculo da cantidade a aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.
- Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto na 232.2 do TRLCSP.

b) No que se refire aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto na cláusula 31.2 deste prego.

31.4.- Garantías por aboamentos a conta por materiais acopiados e por instalacións e equipos.

Para realizar dito aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 232 do TRLCSP.

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

31.5.- Cesión do dereito de cobro.

Os contratistas que conforme á cláusula anterior, teñan dereito de cobramento fronte á administración, poderán ceder este dereito.

Para que a cesión do dereito de cobramento teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a notificación fidedigna a esta do acordo de cesión.

Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pagamento haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pagamento a nome do contratista producirán efectos liberatorios.

32. Modificación do contrato

32.1.- Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que se acorden de conformidade co establecido no artigo 219 e 234 e no título V do libro I do TRLCSP.

32.2.- Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía definitiva no prazo de 15 días contados dende a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación.

33. Suspensión das obras.

Se o Concello acordase a suspensión das obras ou tal suspensión tivese lugar por aplicación dos artigos 220 e 238 do TRLCSP, estenderase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivan e a situación de feito na execución do contrato, coas consecuencias sinaladas nos artigos 216 e 220 do TRLCSP; e 103, 170 e 171 do RXLCSP, en todo o que non se opoña ao establecido no TRLCSP.

34. Recepción das obras e certificación final.

O contratista comunicará por escrito á dirección facultativa da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 15 días hábiles.

As zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas volverán a restituírse á súa situación

inicial antes da recepción destas.

A recepción das obras realizarase dentro do mes seguinte á terminación das mesmas, de conformidade co artigo 235 do TRLCSP.

O contratista ten a obriga de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obriga o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcrido o devandito prazo o contratista non o efectúa, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes da obra susceptibles de ser executadas por fases e que poidan ser entregadas ao uso público, segundo o establecido no contrato.

35. Prazo de garantía.

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado dende a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, se é o caso, as instrucións que reciba da dirección facultativa, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola administración contratante, a custa do contratista.

36. Liquidación e devolución da garantía definitiva.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, a dirección facultativa da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, agás o disposto no artigo 236 do TRLCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, se é o caso, das obrigas pendentes, aplicándose ao pagamento destas últimas o disposto no artigo 216 do TRLCSP.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a dictar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

Para a devolución e cancelación da garantía estarase ao disposto no artigo 102 do TRLCSP e 65 do RXLCAP.

V.- CESIÓN E SUBCONTRATAÇÃO.

37. Cesión de contrato e subcontrato de obras.

37.1.- Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano de contratación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 226 do TRLCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contado desde a autorización expresa da cesión polo órgano de contratación; en caso contrario procederá a resolución do contrato.

37.2.- Subcontratación

Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial das obras sen obter previamente a autorización do órgano de contratación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 227 e 228 do TRLCSP. En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder do 60% do importe de adxudicación.

Asemade, o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación do sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e de acordo coas condicións establecidas no art. 228 da LCSP.

VI. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

38. Cumprimento ou resolución.

O contrato extinguirase por cumprimento ou resolución.

38.1.- Cumprimento.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando realizase de acordo cos termos contractuais e a satisfacción da administración, a totalidade do seu obxecto.

A súa constatación esixirá por parte da administración dun acto formal e positivo de recepción, de conformidade co disposto na cláusula 34 deste prego.

38.2.- Resolución.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, acordándose polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, mediante procedemento no que se garanta audiencia a este, e cos efectos previstos nos artigos 225 e 239 do TRLCSP, e 109 a 113 e 172 do RXLCAP, sempre que non se opoñan ao establecido no TRLCSP.

VII. PRERROGATIVAS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

39. Prerrogativas do órgano de contratación.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas ou lagoas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente poderá, por razóns de interese público, modificar o contrato e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e

con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP e no RXLCAP, no que non se opoña a LCSP.

VIII. RÉXIME DE RECURSOS E XURISDICIÓN COMPETENTE.

40. Réxime de recursos e xurisdición competente.

A cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que podan plantexarse durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación, previa audiencia do contratista. Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdicción, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como calquera outro recurso que estimen procedente.

IX. ANEXOS AO PRESENTE PREGO.

ANEXO I. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS

ANEXO II. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

ANEXO III. AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE INFORMACIÓN

ANEXO IV. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

ANEXO V. MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS AO CONCELLO DE ARZÚA DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO VI. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE
SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS

**Cumprimentar os espacios e marcar cun X o que corresponda en cada caso
NON engadir NIN suprimir ningún apartado NIN modificar o modelo de declaración
responsable de ningún xeito**

DON/DONA.....
con domicilio en CP....., provisto de D.N.I.
nº en nome propio ou en nome e representación de.....
.....

SINALA como datos do/a licitador/a os seguintes:

Nome e apelidos ou denominación social.....
NIF.....teléfono
fax.....correo electrónico.....
Enderezo para notificacións.....

MANIFESTA a súa vontade de participar na licitación do contrato de.....
.....

SOLICITA que se considere achegada en tempo e forma a documentación que presenta nos sobres A e B e se admita a súa participación como licitador, e

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que ten plena capacidade de obrar e que conta coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, é esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.
2. Que tratándose dunha persoa xurídica, as prestacións que constitúen o obxecto do contrato quedan comprendidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade que lles son propios, ao abeiro dos seus estatutos ou regras fundacionais.
3. Que a empresa non se atopa comprendida en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que o que asina esta declaración, en caso de actuar en nome e representación de outro/a, posúe a representación deste/a.
5. Que reúne as condicións de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidas no prego.
6. Que a empresa :
 - Está dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, ou se atopa nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
 - Se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e das obrigas coa Seguridade Social.
 - Que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Arzúa, ou que si as ten, atópanse garantidas.
7. Que a empresa, no seu caso, figura inscrita nalgúns dos seguintes rexistros (indicando o nº de

registro):

- Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, co nº:.....
- Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co nº:.....
- Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, co nº.....
- Outros:.....

8. Que nos termos dos artigos 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP (marcar cun X o que proceda):

Non se atopa incursa nos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorran algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo.

Atoparse incursa no suposto.....
(indicar este previsto no artigo 42.1 do Código de Comercio, ao pertencer ao grupo de empresas.....(ou estar integrada por algún socio no que concorran algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio) respecto do que forman parte as seguintes sociedades (ou nas que concorre algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo en relación a algún dos seus socios):

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....

9. Que, de tratarse dunha empresa estranxeira (comunitarias ou non comunitarias), sométese á xurisdicción dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art.146.1.d do TRLCSP).

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO II

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

DON/DONA.....
con domicilio enCP....., provisto de D.N.I. nº..... expedido en, en data en nome propio ou en representación de, NIF nº, (a representación da cal acredita coa escritura de poder que bastanteada en forma acompaña), sabedor da licitación por (invitación, prensa, publicación oficial -póñase data do documento en cuestión-) e das condicións e requisitos que se esixen para concorrer á licitación e adxudicación do contrato de

DECLARA:

1º.- Que coñece o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que lle serven de base á convocatoria do citado contrato, e que os acepta incondicionalmente na totalidade do seu contido.

2º.- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e que se compromete en nome (propio ou da empresa a que representa) a cumprir o contrato con estrita suxeición aos documentos citados de acordo coa seguinte oferta económica:

1	Prezo sen IVE	euros	€
2	Imposto sobre o Valor Engadido (21% IVE)	euros	€
3	Total (1+2)	euros	€

(Deberá expresarse claramente en letra e número)

3º.- Así mesmo, comprométese ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

Lugar, data e sinatura.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE INFORMACIÓN

DON/DONA.....
con D.N.I..... teléfono
e domicilio na rúa
nº.....piso.....C.P.....provincia.....
en nome propio eu representación da empresa.....
con NIF..... teléfono
á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
.....

AUTORIZA á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de Contratación o estime oportuno.

Lugar, data e sinatura do propoñente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

DON/DONA.....
con DNI..... teléfono.....
e domicilio na rúa.....
nº..... piso.....C.P.....provincia.....
en nome propio ou representación da empresa.....
con NIF..... teléfono.....
á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

DECLARA:

- que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 do TRLCSP.
- que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Arzúa, ou que si as ten, atópanse garantidas.

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO V

**AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO
DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO CONCELLO DE ARZÚA**

DON/DONA.....
con D.N.I..... teléfono
e domicilio na rúa
nº.....piso.....C.P.....provincia.....en nome
propio eu representación da empresa.....
con NIF..... teléfono
á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
.....

AUTORIZA autoriza ao Concello de Arzúa a obter da Base de datos de Xestión Tributaria e de Recadación da Deputación Provincial os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias e da súa situación de débedas con dito Concello.

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO VI

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO
REXISTRO DE LICITADORES**

D./D.^a.....con DNI
n.º:, en nome propio o en representación da
empresa, con N.I.F:.....,
inscrita no Rexistro de Licitadores de, co n.º ao
obxecto de participar na contratación denominada.....baixo
a súa responsabilidade persoal

DECLARA:

- A) Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores no teñen sufrido alteración en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden co certificado del Rexistro.
- B) Que dos datos desta empresa anotados no Rexistro de Licitadores teñen sufrido variación os que a continuación se indican, segundo se acredita mediante os documentos que se axuntan, manténdose os demais datos sen ningunha alteración respecto do contido do Certificado do Rexistro.

Datos que teñen sufrido variación:

Documentación xustificativa que se adxunta:

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA